

## O ACHADO DA AVOA

Aquel dia eu estaba sentado nunha pedra que nunha punta da leira lendo un libro mentras observaba a miña sachar. O verán estabase acabando e tiña que sacar as poucas patacas que quedaran. A min gustábame o son monótono do sacho remobendo a terra pero de supeto un golpe desigual sacaóume da miña lectura e tamen fixo que miña avoa se parara en seco , fora un son entre a oco e a metal, levanteime a ver o que atopara. Unha lado dunha lata de pastas sobresaía de entre a terra apresseime a abrila dentro había unhas moedas antigas unha navalla enferxada e unha foto antiga, na foto saían tres adultos e 5 nenos diante dunha casa vella,cando miña avoa viu a foto escapoulle unha sorriso nostálgica contóume que nesa foto saían seus pais sua tia e todos os seus irmáns e que aquela navalla pertenceu ao maior dos irmáns que emigrara a arxentina de mozo. A pesar de que nunca cheguei a entender que facían alí enterradas esas cousas cheguei a conclusión de que o meu tío abuelo “se se lle pode chamar así xa que me acababa de enterar da súa existencia” enterrara alí aquela lata coa esperanza de que algún día alguén a atopara e se acordara del como se desta maneira unha parte del permanecera en Galiza.

A foto esta agora enmarcada na cociña como un recordo de cando esa casa estaba chea e rebosaba vida, as moedas volvimolas tirar na horta para que dentro de moitos anos volva encontrar alguén e desta maneira continúe o ciclo e a navalla regalóuma miña avó a eu gardaría como un tesouro de valor incalculable xa que para min o era.